

ANUNCIO

Tramitación final Decreto Baixa de Oficio Resolución da Alcaldía 197/2019 e 204/2019

O Padrón municipal de habitantes é un rexistro publico no que se inscriben todas as persoas que residan no termo municipal, conforme dispón o artigo 12 da Lei 7/85, de bases de réxime local. Todos os cidadáns teñen a obriga de inscribirse no Padrón do municipio en que maior tempo resida no ano e de comunicar as variacións. No exercizo da competencia municipal de actualización do Padrón, o concello dará de baixa de oficio por inscrición indebida a quen figurando empadroado non cumpra os requisitos do artigo 54 do RD. 1690/1986, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial (en diante RPDT)

Incoado o expediente de baixa de oficio por inscrición indebida que consta dos seguintes trámites:

- Resolución de incoación: 197/2019 e 204/2019
- Notificación aos interesados / Publicación Taboleiro Edictal Único do BOE nº 54 do 04/03/2019 e nº 56 do 06/03/2019.

De conformidade coas Resolucións do 26/02/2019 e 01/03/2019 e co RPDT solicitouse o Informe correspondente á Sección Provincial do Consello de Empadroamento, sendo este favorable tal e como consta no expediente.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como o artigo 72 do RPDT **RESOLVO:**

Primeiro: Declarar a BAIXA DE OFICIO no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida ante a non residencia no municipio durante a maior parte do ano de:

Nome e Apelidos	DNI/PAS/NIE
***	76777345X
***	X2079615R
ELAINE MARIE CASAL PESTANA	S/D

Segundo: Ao non ser posible a notificación ás persoas interesadas, procede, ao abeiro do previsto nos art. 44 e 45 da lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a publicación desta resolución aos interesados mediante Anuncio no TEU do BOE e taboleiro de anuncios do Concello.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer os recursos seguintes:

Con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 141,318 exp. 2019/G003/000657

prazo dun mes contado dende o día seguinte ao desta notificación, os termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, ao abeiro do disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contención-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación. Se a resolución non fose expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse rexeitado o recurso potestativo de reposición interposto.

Poderán, así mesmo, interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á data deste anuncio na forma prevista na lexislación da dita xurisdicción contención-administrativa.

Igualmente, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren procedente.